

ORDENANZA Nº 11

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMISIÓN DE PUBLICIDADE NA EMISORA MUNICIPAL.

Fundamento legal

Artigo 1º.

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do R.D. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, do 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais, e tal e como marca o artigo 3.2 da Lei 11/91, do 8 de abril, de organización e control de emisoras municipais, este Concello establece o prezo público por utilizacións privativas constituídas pola emisión de publicidade na emisora municipal.

Feito imponible

Artigo 2º.

Constitúe o feito imponible do prezo público a prestación do servizo de emisión de publicidade mediante cuñas pola emisora municipal.

Suxeito pasivo

Artigo 3º.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades que se beneficien dos servizos ou actividades que constitúen o feito imponible do aproveitamento, previa a oportuna autorización.

Responsábeis

Artigo 4º.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

Beneficios fiscais

Artigo 5º.

1.- Por volume de contratación de cuñas efectuaranse os seguintes descontos porcentuais:

| Nº de cuñas por contrato | Desconto |
|--------------------------|----------|
| 30 cuñas | 5% |
| 60 cuñas | 10% |
| 120 cuñas | 15% |
| 180 cuñas | 20% |
| 360 cuñas | 25% |
| 540 cuñas | 30% |

2.- Por tempada efectuaranse os seguintes descontos porcentuais, lo demais, non se aplicaran outras exencións, bonificacións ou reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por este prezo.

| Tempada | Desconto |
|------------------------|----------|
| Nadal (6-Dec. a 5-Xan) | 10% |

3.- Os descontos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo son acumulábeis e serán de aplicación sobre as tarifas enumeradas no Art. 6.1 (cuñas publicitarias). Non serán de aplicación para as tarifas numeradas no Art. 6.2 (espazos patrocinados).

Cota tributaria

Artigo 6º.

1.- Tarifa para cuñas publicitarias, consonte ao seguinte detalle:

| Tipo de programación | Informativos e Deportes | Magazine, variedades e debates | Musical |
|----------------------|---------------------------|--------------------------------|-----------|
| Horario de emisión | Mediodía e fins de semana | Matinal e noite | Tarde |
| Duración da cuña | euros por cuña | euros por cuña | euros por |

| | | | |
|-----------------|-------------|------------|------------|
| | | | cuña |
| Até 5 s | 2,50 euros | 2,00 euros | 1,35 euros |
| De 15 s | 6,60 euros | 5,25 euros | 3,45 euros |
| De máis de 15 s | 11,40 euros | 9,00 euros | 6,00 euros |

Nos espazos informativos só poderán contratarse cuñas publicitarias de máis de 15 segundos de duración.

2.- Tarifa para espazos patrocinados.

| Tipo de programación | Informativos e Deportes | Magazine, variedades e debates | Musical |
|----------------------|---------------------------|--------------------------------|----------------------|
| Horario de emisión | Mediodía e fins de semana | Matinal e noite | Tarde |
| Concepto | euros por media hora | euros por media hora | euros por media hora |
| Espazos patrocinados | por 1/2 h | 30,00 euros | 24,00 euros |

Os espazos patrocinados incluirán un mínimo de 90 s de publicidade directa por cada media hora de emisión, publicidade indirecta á marxe.

Cando o contratante non subministre os seus propios produtos e estes teñan que ser producidos pola emisora entenderase que os mesmos pasan a ser propiedade da emisora municipal e non poderán ser utilizados noutros medios de comunicación ou difusión públicos ou privados sen a súa previa solicitude por escrito e o consentimento expreso da dirección da emisora.

3.- Tarifa por utilización das instalacións da emisora municipal, incluíndo servizos de redacción, creación, experimentación, locución e gravación.

Concepto: euros por hora

Utilización das instalacións da emisora municipal, incluíndo servizos de redacción, creación, experimentación, locución e gravación: 60,00 euros

Non é de aplicación esta tarifa sobre a utilización das instalacións para os produtos publicitarios que se deriven dunha contratación para a difusión dos mesmos por parte da propia emisora municipal.

4.- Para establecer a contía da cota tributaria correspondente ás tarifas dos apartados 1 e 2 do presente artigo atenderase ao tipo de programación e ao horario de emisión. Cando á hora de fixar a tarifa exista discordancia entre o tipo de programación e o horario de emisión atenderase exclusivamente ao tipo de programación

5.- Todas as tarifas se entenderán sen IVA incluído.

Normas de xestión, administración e cobranza

Artigo 7º.

1.- A prestación deste servizo requirirá a sinatura dun contrato entre as partes, solicitante e Concello, no que conste a autorización da emisión polo Sr. Alcalde ou persoa en quen delegue, de acordo coa lexislación de réxime local, e levará implícito a solicitude da persoa ou entidade interesada na difusión do espazo publicitario. Reflectiranse así mesmo, tempo e tipo de emisión e tarifa a liquidar.

2.- A publicidade producida na propia emisora emitirase en lingua galega.

Obriga de pagamento

Artigo 8º.

1.-A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo, entendéndose este no momento da sinatura do contrato que ampara a emisión da cuña publicitaria.

O Concello poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, de conformidade có artigo 46.1 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

2.- O pagamento do prezo público realizarase por ingreso directo na Tesouraría Municipal, domiciliación bancaria en entidade colaboradora, por aquelas outras formas de pago que establece a lexislación vixente ou onde determine o Concello. As débedas por este prezo poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

Infracción e sancións

Artigo 9º.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto no Art. 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.

Aprobación e vixencia

Disposición final.

1.- A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2005, permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.

O alcalde,

Asdo.- Xose María Rivera Arnoso.